

DOSSIER
CELTA FORTUNA

FEITO NA
MADROA



Recalvi



AGORA E SEMPRE
2026/2027



TODO O QUE NECESITAS
SABER SOBRE O
CELTA FORTUNA



Índice

Ascenso do Celta Fortuna	3
Acceso ao estadio	3
Suplemento Celta Fortuna	4
Que inclúe o suplemento?	4
Quen pode contratar o suplemento?	4
Cando se pode contratar?	5
Un único formato transferible	5
Canxero de entradas	6

TODO O QUE NECESITAS SABER SOBRE O CELTA FORTUNA

Ascenso do Celta Fortuna



Hai equipos que representan o presente. Outros constrúen o futuro. O Celta Fortuna é ambas as dúas cousas.

O ascenso do filial supuxo un momento histórico para o club e unha nova demostración de que o traballo diario, a confianza na nosa canteira e o compromiso co proxecto seguen dando os seus froitos.

Pero aquel día tamén quedou demostrado algo máis: que o Celta Fortuna ten unha afección que sente os seus logros como propios, que Abanca Balaídos tamén empurra a nosos canteiráns e que cada vez son máis os celtistas que queren acompañar ao equipo nesta nova etapa.

Co obxectivo de responder a ese crecente interese dos celtistas, o club pon en marcha nesta tempada unha campaña especial para o Celta Fortuna en LaLiga Hypermotion.

Acceso ao estadio

O acceso do filial ao fútbol profesional implica que todas as entradas ou carnés sexan numerados, isto supón un cambio nos accesos para ver ao Celta Fortuna respecto aos anos anteriores.

- Non se poderá acceder co carné de ningunha modalidade celtista (Abonado, Carné Celtista, Carné Celtista As Celtas, Carné Celtista Fundación).

O club ofrecerá **dúas posibilidades de acceso** para os encontros do Celta Fortuna: **un suplemento** para toda a tempada ou **o canxeo de entradas** en cada partido.



Suplemento Celta Fortuna

Para poder gozar de toda a tempada do Celta Fortuna en Abanca Balaídos o club ofrece a posibilidade de escoller un suplemento único de **63 €** para elixir unha **butaca fixa para toda a tempada en Tribuna Alta**.

Deste xeito non terás que canxear unha entrada para cada partido e contarás coa mesma localidade durante toda a competición.

É unha opción pensada para quen vive o Fortuna de maneira habitual, para quen non quere perder ningún encontro e para quen desexa apoiar a nosa canteira desde a bancada durante toda a tempada.

Que inclúe o suplemento?

Por un importe único de **63 €**, o suplemento inclúe:

- **Acceso aos 21 partidos de LaLiga Hypermotion do Celta Fortuna como local.**
- Unha **localidade fixa durante toda a tempada**. Posibilidade de escoller o asento directamente sobre o plano de Abanca Balaídos en Tribuna Alta.
- **Acceso directo aos encontros**, sen necesidade de realizar canxes previos.
- **Carné exclusivo do Celta Fortuna**, que será enviado ao domicilio do socio. Non haberá carné dixital, só físico.
- Isto supón un custo aproximado de **3 € por partido**, permitindo vivir toda a tempada desde a mesma localidade.

Quen pode contratar o suplemento?

O suplemento está dispoñible para **todos os socios do Celta**, independentemente da modalidade á que pertenzan. Poderán adquirilo: o **Carné Celtista Abonado, Carné Celtista, Carné Celtista As Celtas e Carné Celtista Fundación**.

Todos eles accederán ao suplemento **nas mesmas condicións**.



Cando se pode contratar?

O período de inscrición estará aberto **do 13 ao 24 de xullo e poderá realizarse de forma en liña a través deste enlace** ou de **forma presencial nas billeteiras de Abanca Balaídos**, exclusivamente para aquelas persoas que o precisen.

Para acceder será necesario identificarse co **ID e o PIN de socio**. Unha vez escollida a localidade, **esa será a túa butaca para toda a tempada**.

Un único formato transferible

O sistema de cesión de abono **non estará habilitado** no suplemento do Celta Fortuna pero **si poderás deixar este carné a outra persoa**.

Neste tipo de carné, só hai unha categoría. Trátase dun abono único de cara á tempada 26/27 de LaLiga Hypermotion.



Canxeo de entradas

Os socios que non contraten o suplemento terán a posibilidade de acceder aos partidos mediante o **sistema de canxeo gratuito de entradas**. O cupo destinado para este canxe, unha vez descontados os asentos ocupados polos suplementos, será dun **50% das localidades dispoñibles** das bancadas locais habilitadas para cada partido en función da demanda prevista. O 50% restante será destinado á venda de entradas.

Cando o partido saia á venda, terás as seguintes **48 horas de preferencia** para realizar o canxeo. Unha vez iniciado o proceso, cada socio deberá acceder á plataforma de venda de entradas e identificarse co seu **ID de celtista e o PIN** (as 4 últimas cifras do DNI). No caso de non ter DNI rexistrado (por exemplo, menores de idade), o PIN será 1111.

Tras a validación dos datos, poderás seleccionar unha das localidades dispoñibles e completar a reserva da túa entrada. O número de asentos dispoñibles poderá variar en función do partido, do aforo habilitado e das necesidades organizativas de cada encontro.


Unha vez finalizado o proceso, a entrada enviarase ao **correo electrónico facilitado durante a reserva** e será a que permita acceder ao estadio no día do partido.

Os socios que desexen asistir xunto a familiares ou amigos poderán realizar o canxeo de **varias entradas na mesma operación**, identificando cada unha delas co seu correspondente ID e PIN, sempre dentro dos límites establecidos polo club para cada partido.

O club solicita a todos os socios que fagan un uso responsable destas entradas, realizando o canxe só no caso de que realmente vaian ser utilizadas.

O club resérvase o dereito de adoptar as medidas que considere oportunas cando as entradas canxeadas non sexan finalmente utilizadas. Entre estas medidas, poderá acordarse a imposibilidade de realizar un novo canxe para o seguinte partido por parte da persoa beneficiaria das entradas non utilizadas.

Esta medida ten como finalidade favorecer que todas as entradas asignadas sexan efectivamente utilizadas por afeccionados que acudan ao estadio a apoiar ao equipo.



ATENCIÓN AO CELTISTA

Oficina Área Celtista de Abanca Balaídos
De luns a venres de 10h a 14h e 16h a 19h

Teléfono:
986 213 230
986 213 234

Email:
abonados@celta.gal
celtistas@celta.gal



//ABANCA

